

Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO (TARIFAS) DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no ar. 70.0 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, se publica íntegro o texto da “ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN”, unha aprobado definitivamente por non terse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), deu unha nova redacción á disposición adicional primeira da Lei 58/2013, do 17 de decembro, Xeral Tributaria; ao artigo 20 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, engadíndolle un novo apartado 6, e ao artigo 2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e os prezos públicos engadíndolle unha nova letra c). Nos devanditos preceptos créase a nova figura legal denominada Prestación Patrimonial de Carácter Público non tributario que debe establecerse mediante ordenanza. As súas características, veñen recollidas na disposición adicional primeira da Lei 58/2013, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

1.—Son prestacións patrimoniais de carácter público aquelas ás que se refire o artigo 31.3 da Constitución que se esixen con carácter coactivo.

2.—As prestacións patrimoniais de carácter público citadas no apartado anterior poderán ter carácter tributario ou non tributario.

O novo apartado 6º engadido ao artigo 20 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, mediante a Disposición Final Duodécima da LCSP, sinala que:

As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado.

Sen prexuízo do establecido non artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado regularanse mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación da devandita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico atribuíralles algunha facultade de intervención sobre as mesmas.

Por tanto, será esixible unha prestación patrimonial de carácter público non tributario cando a forma de prestación do servizo sexa:

- Directa: (prestación mediante “personificación privada”)
 - Entidade Pública Empresarial
 - Sociedade Mercantil de capital integramente público
- Indirecta mediante Concesión

Como consecuencia da modificación introducida pola Disposición Final Duodécima da LCSP resulta necesario un cambio na natureza xurídica da contraprestación dos servizos, pois pasaron de ter a consideración de taxas reguladas mediante ordenanza fiscal a ser prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, é dicir, “tarifas”, que se regularán mediante ordenanza.

CAPÍTULO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 1. DISPOSICIÓN XERAL

En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Sanxenxo de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, establécese que as contraprestacións por uso dos servizos de abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros e depuración para o Concello de Sanxenxo, rexeranse por medio de Ordenanza non fiscal reguladora da prestación patrimonial pública non tributaria e no previsto polo Regulamento do Servizo. Dáse así cumprimento ao establecido na Disposición Final Duodécima da Lei de Contratos do Sector Público do 9 de novembro de 2017.

As contraprestacións por uso dos servizos reguladas na presente Ordenanza, que se denominarán xenericamente como “tarifas”, teñen natureza de prestación patrimonial pública non tributaria de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), constituíndo ingreso propio do xestor dos devanditos servizos de conformidade co que dispón a Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

ARTIGO 2. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O obxecto da presente Ordenanza é regular as tarifas dos servizos de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e depuración.

A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao municipio de Sanxenxo.

Constitúe o suposto de esixibilidade das tarifas a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga, rede de sumidoiros e depuración, a través das redes municipais, con cantas actividades técnicas ou administrativas sexan necesarias para a prestación dos devanditos servizos. As tarifas fundaméntanse na necesaria contraprestación económica que debe percibir a Entidade Xestora pola prestación dos servizos.

ARTIGO 3. SERVIZOS PRESTADOS

Os servizos e as actividades reguladas na presente Ordenanza son os que a continuación se enumeran:

a) Servizo de subministración de auga a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos, calibre de contador e destinos da auga.

b) Servizo de evacuación de excretas, augas negras, augas pluviais e residuais a través da rede de rede de sumidoiros municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.

c) Servizo de depuración de augas residuais. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.

d) Prestación dos servizos técnicos e administrativos referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional da subministración de auga, evacuación e depuración de augas residuais, así como calquera outra actividade conexas aos servizos mencionados; acometidas, conservación de contadores, reposición de subministración, inspeccións de verteduras e as súas analíticas, etc.

As relacións entre a Entidade Xestora e o usuario na prestación dos servizos virán reguladas polo contrato de subministración.

Así mesmo, darase cumprimento ao prescrito no Regulamento municipal do servizo de subministración de auga e saneamento de augas residuais.



CAPÍTULO 2. OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 4. SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributario, as persoas físicas e xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións, que ostenten a condición de aboados, é dicir, que sexan titulares do contrato ou póliza de abono.

Igualmente, están obrigados ao pago, en concepto de clientes, os peticionarios das acometidas, contratos e reconexións.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de aboadas ou de peticionarias, obrigados directos a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir o aboadado sobre os ocupantes ou usuarios das ficas beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza, calquera que sexa o seu título: usufructuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titulares do dereito de habitación ou arrendatario, mesmo en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto, a empresa concesionaria é allea ás relacións que se establezan entre os afectados, limitándose a prestar o servizo que se solicite e a percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo establécense nesta norma e no Regulamento.

CAPÍTULO 3. CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS

ARTIGO 5. BASES, COTAS E TARIFAS

As cotas ou importes a satisfacer determinaranse por aplicación do sistema tarifario contido nos apartados seguintes.

Enténdese por sistema tarifario o conxunto de conceptos, relacionados a continuación, que conforman o importe total que o usuario ou beneficiario debe pagar, en función do servizo de que se trate, en orde á consecución e mantemento do equilibrio económico e financeiro da Entidade Xestora dos servizos.

A base de cálculo de cada unha das tarifas estará constituída por dous elementos: un representado pola dispoñibilidade do servizo en cuestión e outro determinable en función da cantidade de auga, consumida ou producida na finca, e medida en metros cúbicos.

A cota a satisfacer polos usuarios por cada un dos servizos determinarase aplicando ás bases de cálculo as tarifas correspondentes; terán por tanto unha estrutura “binómica” que consta dunha cota fixa e dunha cota variable.

Sobre a cota resultante aplicaranse os impostos indirectos que fixen as leis en cada momento na forma e condicións que estas establezan.



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

5.1. Sistema tarifario pola prestación do servizo de **subministración de auga potable**

O prezo pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable estará constituído polos seguintes elementos ou conceptos tarifarios:

a) *Tarifa xeral de subministración*

Para os diferentes usos, a tarifa de abastecemento de auga potable constará dunha cota fixa que deberán abonar os usuarios independentemente de que fagan uso ou non do servizo e unha cota variable por tramos de consumo en función da súa utilización efectiva medida polo volume de auga consumida (expresado en metros cúbicos).

Aboados Domésticos	
Cota Fixa (€/trim)	13,64
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 30 m³/trim)</i>	0,1084
<i>B2 (máis 30 a 60 m³/trim)</i>	0,2908
<i>B3 (máis 60 a 120 m³/trim)</i>	0,5037
<i>B4 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,7033

Aboados Domésticos con 5 ou máis persoas empadroadas	
Cota Fixa (€/trim)	13,64
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 30 m³/trim)</i>	0,1084
<i>B2 (máis 30 a 60 m³/trim)</i>	0,1084
<i>B3 (máis 60 a 120 m³/trim)</i>	0,5037
<i>B4 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,7033

Aboados Comerciais	
Cota Fixa (€/trim)	13,64
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 30 m³/trim)</i>	0,1084
<i>B2 (máis 30 a 60 m³/trim)</i>	0,2908
<i>B3 (máis 60 a 120 m³/trim)</i>	0,5037
<i>B4 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,7033

Aboados Industriais	
Cota Fixa (€/trim)	17,76
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 75 m³/trim)</i>	0,2669
<i>B2 (máis de 75 m³/trim)</i>	0,9065

Obras	
Cota Fixa (€/trim)	17,76
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 120 m³/trim)</i>	0,2669
<i>B2 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,9065



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

b) Conservación e mantemento de contadores.

Consiste nunha cota fixa aboable periodicamente e progresiva, en función do calibre de contador para toda subministración en vigor.

Conservación de Contadores (€/trim)	
13	2,79
15	2,79
20	6,07
25	6,07
30	6,07
40	9,98
50	10,18
65	36,73
80	44,51

c) Altas de contrato.

En concepto de dereitos a realizar o seu pago no momento da sinatura do contrato. A súa cota será de 108,59 €.

d) Fianzas.

Nos contratos de abastecemento para obras e industrias de tempada será necesario depositar unha fianza por parte do interesado. A cota da fianza será de 176,85 €. Dita fianza será devolta cando se tramite a cancelación e se paguen os recibos pendentes.

5.2. Sistema tarifario pola prestación do servizo de rede de sumidoiros

O prezo pola prestación do servizo de rede de sumidoiros estará constituído polos seguintes elementos ou conceptos tarifarios:

a) Tarifa xeral.

Para os diferentes usos, a tarifa de rede de sumidoiros constará dunha cota fixa que deberán abonar os usuarios pola disposición do servizo e dunha cota variable en función do consumo de auga potable realizado.

Aboados Domésticos	
Cota Fixa (€/trim)	2,73
Cota Variable (€/m³)	
B1 (de 0 a 30 m ³ /trim)	0,0605
B2 (máis 30 a 60 m ³ /trim)	0,1395
B3 (máis 60 a 120 m ³ /trim)	0,2538
B4 (máis de 120 m ³ /trim)	0,3577



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

Aboados Domésticos con 5 ou máis persoas empadroadas	
Cota Fixa (€/trim)	2,73
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 30 m³/trim)</i>	0,0605
<i>B2 (máis 30 a 60 m³/trim)</i>	0,0605
<i>B3 (máis 60 a 120 m³/trim)</i>	0,2538
<i>B4 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,3577

Aboados Comerciais	
Cota Fixa (€/trim)	2,73
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 30 m³/trim)</i>	0,0605
<i>B2 (máis 30 a 60 m³/trim)</i>	0,1395
<i>B3 (máis 60 a 120 m³/trim)</i>	0,2538
<i>B4 (máis de 120 m³/trim)</i>	0,3577

Aboados Industriais	
Cota Fixa (€/trim)	4,13
Cota Variable (€/m³)	
<i>B1 (de 0 a 75 m³/trim)</i>	0,0942
<i>B2 (máis de 75 m³/trim)</i>	0,2178

Aboados sen Abastecemento (sen contador)	
Aboados Domésticos	
<i>Cota Fixa (€/trim)</i>	9,25
Aboados Domésticos con 5 ou máis persoas empadroadas	
<i>Cota Fixa(€/trim)</i>	9,25
Aboados Comerciais	
<i>Cota Fixa (€/trim)</i>	9,25
Aboados Industriais	
<i>Cota Fixa (€/trim)</i>	10,65

b) Dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros

Por dereitos de conexión a rede xeral de sumidoiros farase un pago por cada vivenda ou local. A súa cota ascende a 109,14 €

*5.3. Sistema tarifario pola prestación do **servizo de depuración***

O prezo pola prestación do servizo de rede de sumidoiros estará constituído polos seguintes elementos ou conceptos tarifarios:



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

a) *Tarifa xeral de subministración.*

Para os diferentes usos, a tarifa de depuración constará dunha cota fixa que deberán abonar os usuarios pola disposición do servizo e dunha cota variable en función do consumo de auga potable realizado.

Uso Doméstico	
Cota Fixa (€/trim)	12,12
Cota Variable (€/m ³)	
<i>Bloque único (€/m³ trim)</i>	0,2582

Uso Comercial	
Cota Fixa (€/trim)	12,12
Cota Variable (€/m ³)	
<i>Bloque único (€/m³ trim)</i>	0,2582

Uso Industrial, hostalaría e outros	
Cota Fixa (€/trim)	22,13
Cota Variable (€/m ³)	
<i>Bloque único (€/m³ trim)</i>	0,2582

Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga	
Cota Fixa (€/trim)	
<i>Domésticos</i>	22
<i>Comerciais</i>	22
<i>Industrial, hostalaría e outros</i>	62,95

Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento de auga	
Cota Fixa (€/trim)	22,13
Cota Variable (€/m ³)	
<i>Bloque único (€/m³ trim)</i>	0,2582

Aqueles abonados industriais que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente con auga procedente da rede municipal, e vertan á rede de rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, deberán instalar, ao seu cargo, aparellos de medida do caudal vertido á rede.

De mutuo acordo entre a Entidade Xestora do servizo poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.



*CAPÍTULO 4. ADMINISTRACIÓN E COBRANZA**ARTÍCULO 6. DEVINDICACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO*

Devindícase a prestación patrimonial de carácter público non tributario e nace a obrigaçión de pago cando se inicie a actividade que constitúe o seu suposto de esixibilidade, coas seguintes peculiaridades para cada un dos servizos:

a) Abastecemento de auga potable. Enténdese que nace a obriga de pago cando se formalice o oportuno contrato ou póliza de abono, ou no seu caso, dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento municipal.

b) Rede de sumidoiros e depuración. A obriga de pago nace cando se formalice o oportuno contrato ou póliza de abono, ou no seu caso, dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de rede de sumidoiros.

c) A obriga de pago polos servizos a que se refire o artigo 3, cando se trata de actividades ou servizos periódicos e recorrentes ou aos que corresponde facturación periódica, nace no momento en que se formalice o contrato de subministración e, cando se trate de actividades puntuais, nace no momento en que se solicita á Entidade Xestora o correspondente servizo ou, no seu caso, cando pola mesma realízanse as actividades que dan dereito á súa esixibilidade.

O período impositivo correspóndese con cada un dos períodos de facturación, que será de 3 meses. O prazo de pago en período voluntario será de sesenta días dende a expedición da factura.

6.1 Prorrateo de cotas.

Para aqueles obrigados ao pago que se incorporen ao servizo ao longo do ano, as cotas fixas correspondentes ao primeiro período de liquidación calcularanse realizándose o correspondente prorrateo en función do número de días nos que se estea incorporado ao servizo durante o trimestre no que tivese lugar a incorporación, de acordo coa periodicidade coa que se emitiron as liquidacións. Para o cesamento no servizo ao longo do ano, as cotas fixas correspondentes ao último período de liquidación calcularanse tendo en conta na súa integridade o trimestre no que tivese lugar o cesamento, de acordo coa periodicidade coa que se emitiron as liquidacións.

6.2 Periodicidade de lectura de contadores

A Entidade Xestora establecerá un sistema de toma de lecturas permanente e periódico ao equipo de medida que controle o suministro, cunha frecuencia non superior a tres meses.

6.3 Estimación indirecta do consumo.

En caso de paralización do contador ou fallos graves no seu funcionamento, liquidarase o consumo conforme á cantidade consumida no mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior, e se iso non se puidese levar a efectos, por calquera causa, estimarase o devandito consumo aplicando a media aritmética dos seis meses anteriores.



Luns, 14 de novembro de 2022

Núm. 217

Nos casos en que, por distintas causas, tales como ausencia, dificultade na lectura, inaccesibilidade ao contador, etc., non se puidese proceder á lectura do contador da auga, procederase a estimar o consumo do usuario afectado nos termos e co criterio establecido anteriormente.

6.4 Fraudes.

Naqueles casos en que se detecte situacións fraudulentas, procederase a liquidar ao infractor o dobre da cantidade que resulte de aplicar as tarifas vixentes a un volume de auga calculada en función do consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompida e durante un prazo que media entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento que fose emendado a fraude detectada, sen que poida estenderse, en total, a máis dun ano.

Igualmente, naqueles supostos nos que se comprobe que o abonado manipulou o contador de auga facturárase ao infractor un consumo estimado cuxo valor se obterá aplicando o caudal nominal do contador manipulado durante un tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompida e durante un prazo de noventa días.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor desta Ordenanza quedan derogadas a Ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros, a Ordenanza fiscal reguladora da taxa de depuración de augas e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos, na parte relativa ao servizo de abastecemento de auga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor nos termos establecidos polo artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e unha vez se inicie a execución do novo contrato de xestión do “Servizo público de abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros e depuración do Concello de Sanxenxo, mediante concesión”.

En Sanxenxo,

A alcaldesa accidental, María Deza Martínez

